

Presentados como alegacións diante do Borrador do Plano de Resíduos Agrarios de Galiza

1. Debe facer-se umha xestión integral dos residuos e coordinar os diversos planos de xestión dos residuos

O Plan fala de residuos agrogandeiros e non só agrarios, polo que se deberá correxir o nome. Porén, mais importante que isto é o feito de que non se incluan os residuos forestais, que en moitos casos requiren unha xestión integrada cos residuos agrogandeiros. Cando se fala de compostaxe, di-se “compostaxe dos xurros con outros residuos orgánicos”, pero non se especifican estes nen se detallan as características da súa xestión.

O plano centra-se na xestión dos residuos agrogandeiros baseando-se exclusivamente na consideración do nitróxeno como elemento nutriente-contaminante, e non ten en conta a importancia da relación carbono-nitróxeno, e o feito de que os residuos forestais poden aportar as cantidades de carbono necesarias para correxir moitos dos impactos dos residuos agrogandeiros ricos en elementos nutrientes.

A xestión integral que se menciona na páxina 1, ha de ver-se tamén en relación coa integración necesaria con outros planos, como é o de residuos sólidos urbanos e o de residuos tóxicos e perigosos. A xestión de residuos de envases, plásticos e outros debe-se facer dunha forma coordinada e integrada coa xestión dos residuos domésticos, e non duplicando contedores e axentes que só encarecen a xestión e limitan a eficacia.

Co obxectivo de facilitar a recollida selectiva na que o axente activo é o titular da explotación (ou os membros da familia, no caso de explotacións familiares, como son a maioría), debe-se simplificar a xestión dos diferentes tipos de residuos. Ha de considerarse que, polo xeral, a explotación agrogandeira está integrada na vivenda, polo que unha xestión común aos diferentes tipos de residuos xerados na explotación-vivenda como conxunto será máis racional e terá máis éxito.

A clasificación, por tanto debería ser do seguinte tipo:

-

Resíduos orgánicos: os do fogar poden-se destinar á alimentación animal ou a compostaxe

xuntamente con outros residuos orgánicos da explotación que sexan adecuados

-

Envases non tóxicos: recollida conxunta dos envases do fogar e da explotación, separados por materiais, conforme ao plan municipal ou comarcal de xestión do lixo (papel-cartón, vidro, resto...)

-

Resíduos tóxicos: recollida en áreas de aportación (pontos limpos, parques de reciclaxe, etc) tanto dos residuos perigosos do fogar como da explotación

-

Resíduos sanitarios: recollida a través dos veterinarios, centros médicos e farmacias.

-

Outros residuos: mencionan-se na pax. 43 pneumáticos, aceites usados, baterías, etc. Estes residuos son comúns tanto a unha explotación agrogandeira como á vivenda do rural, e deberían ser entregados nos mesmos puntos limpos e parques de reciclaxe.

-

Os mesmos puntos limpos deberían servir para recoller os residuos plásticos utilizados nas explotacións. Unicamente no caso de zonas nas que se xera unha elevada cantidade dun tipo de plástico pode ser aconsellábel organizar a súa recollida como un material independente do resto dos residuos (pax. 64).

2. Faltan estudos básicos e avaliacións de tipo ambiental

En relación coas liñas de investigación, as indicadas na páxina 3 e atribuídas ao CIAM resultan claramente insuficientes. Pomos en falta:

-

Estudos sobre a contribución do sector agrogandeiro ás emisións de gases con efecto invernadeiro (diversas institucións, incluído o Ministerio do Ambiente, teñen considerado as emisións de metano desde a fosas de xurro como unha causa importante de contribución ao efecto invernadeiro)

-

Estudos sobre a contaminación ambiental difusa por agroquímicos, especialmente praguicidas diversos

-

Estudos sobre a contaminación dos alimentos con residuos químicos (praguicidas, fertilizantes, etc)

-

Mapas de conteúdo en materia orgánica dos solos galegos.

Este último é un aspecto importante da caracterización dun solo, pero non se menciona no apartado 4.5. Na páx. 31 di-se que na valoración dos posíbeis excesos de nitróxeno hai que ter en conta outros aspectos particulares de cada parcela, como son o tipo de solo, a súa permeabilidade, a madurez ou riqueza en nutrientes: aínda que algunhas destas características dependen do conteúdo en materia orgánica, non se menciona esta nin se propón tela en conta no futuro. De novo, na pax. 34 recoñece-se que as características do solo condicionan o impacto dos xurros, pero non se expresa a dependencia desas características do conteúdo en materia orgánica. Consecuentemente, non se propoñen accións que conduzan a incorporación da materia orgánica ao solo.

Consideramos que un elevado contido en materia orgánica mellora a calidade dos solos agrícolas, reduce a erosión, aumenta a produtividade e a capacidade de adsorción e retención

de elementos nutrientes e contaminantes (Diaz Fierros, 1999)¹. Consideramos imprescindible un estudo do contido en materia orgánica do solo agrícola, e o fomento das opcións que destinen materia orgánica aos mesmos.

Esta opción está especialmente indicada como contribución á fixación de carbono nos solos dentro da luita contra as emisións de dióxido de carbono a atmosfera e a prevención do cambio climático².

Na pax. 18 indica-se como unha etapa do plano, a identificación dos impactos ambientais que provocan as actividades gandeiras no seu conronto, así como a magnitude de ditos impactos. Indicamos de novo que, ao longo do texto, e particularmente no cadro da pax. 21, só se reflexan algúns dos impactos desta actividade, ficando sen avaliar e cuantificar outros como os citados anteriormente.

Na pax. 33 dí-se que os dous tipos fundamentais de contaminación polos xurros son os que atinxen a olores e a contaminación por patóxenos. De novo vemos que se non se avalian as emisións de metano e amoniaco a atmosfera e as súas consecuencias para procesos tais como o efecto invernadoiro.

A caracterización dos xurros dispoñible é insuficiente (pax. 25); por exemplo, non inclúe o contido en materia seca volátil, nen o potencial para a obtención de biogás (potencial metanoxénico).

Hai unha contradición clara entre a información recollida na pax. 36 de que segundo un estudo, o 54% das augas de pozos non cumpren as condicións de potabilidade, debido a contaminación fecal procedente dos xurros, e a afirmación feita liñas mais arriba de que "a situación en Galiza caracteriza-se pola existencia de focos puntuais de contaminación". Estudos realizados por ADEGA na comarca de A Estrada tamén mostran unha situación grave³. Non se trata por tanto dun problema puntual senon algo máis xeralizado para o que as medidas propostas no documento poden resultar insuficientes.

3. AVALIACIÓN DE DIFERENTES alternativas de xestión

Entre os principios xerais do plano (pax. 15) menciónase a prevención-redución como a primeira prioridade. Porén, xa a continuación dí-se que para conseguir isto, son de fundamental importancia as labores de educación e sensibilización ambientais, o que supón desbotar de raíz outras accións que poderían ser tanto ou máis importantes en relación coa redución en orixe, e xa na pax. 18 se concreta que o obxectivo principal do plano é xestionar adecuadamente os residuos xerados. Todo isto supón desbotar calquera acción de prevención real da xeración de residuos.

Por tanto, sen desconsiderar a importancia de xestionar adecuadamente os residuos que se xeren, consideramos que o principal obxectivo debería ser a prevención, polo que o plano está claramente coxo neste sentido. Isto pon-se de manifesto de novo cando, nas páx. 45 e 46 se menciona a redución "como un obxectivo indiscutible, por atopar-se en primeiro lugar na xerarquía de principios a considerar"; con esta afirmación pecha-se de novo o tema, sen propor outro tipo de medida de redución realmente efectivas.

Posteriormente, indican-se algunhas medidas de redución que só ofrecen resultados pobres, xa que se trata mais ben de correccións no modelo de produción e non modificación substanciais do mesmo: a) redución do volume con obxectivos de menos do 30% por redución da auga de dilución; b) medidas de redución

propostas para os envases fitosanitarios e zosanitarios (pax. 66) pouco efectivas, ao optar pola continuidade do modelo intensivo de agrogadeiría; etc.

Por exemplo, identifícase como un problema máis a engadir a delimitación dos riscos o feito de que aparezan microorganismos cunha alta porcentaxe de resistencia aos antibióticos (pax. 32). Parén, cais son as medidas preventivas en relación con este problema?. Ningunha das propostas recollidas no texto semella poder prevenir o risco sanitario asociado.

En relación co estudo de alternativas, nun punto concreto do texto referido á metodoloxía de traballo a seguir (pax. 18) dícese que se debe facer unha análise das alternativas de xestión para cada tipo de residuo, máis axeitadas ecolóxicas e economicamente. Pero despois, na páxina seguinte (pax 19), defínese automaticamente a meta do traballo configurada pola actual proposta, sen que se faga a referida análise de alternativas. Isto repítese nas páx. 45 e seguintes, onde se relacionan unicamente as alternativas de reutilización e valorización mediante tratamento que o plano aplica, sen avaliar outras posibilidades. Por exemplo, como alternativa de tratamento con produción de biogás, non se avalían sistemas de pequena escala, a nivel de granxa. Como xa se dixo, tampouco se avalían alternativas de prevención que supoña o rediseño do modelo produtivo.

Por último, a non consideración de opcións de prevención reais e efectivas, leva a optar por un modelo tecnocista, que conducirá ao incremento da dependencia do labrego en relación con outros sectores de servizos e das multinacionais, ademais de aumentar aínda máis o carácter intensivo das explotacións. Nesta liña situaríanse algunhas propostas do plano como as seguintes: a) selección xenética do gando vacuno leiteiro para aumentar a produción por cabeza (pax. 57); b) Plans de xestión que inclúen a realización de análises de características do xurro e do solo. A historia recente mostra-nos que a primeira proposta permitiu aumentar a produción pero non garantir a calidade do leite e da carne, e menos aínda reducir o impacto ambiental da explotación. A segunda, tendente a aumentar o carácter industrial das explotacións, pode ter un custo non asumible polas explotacións familiares, alén de non ser efectivo na práctica.

4. OPCIONS DE PREVENCIÓN PROPOSTAS POR ADEGA

Como alternativa á produción de xurros e posterior xestión, propomos a recuperación das prácticas agrogadeiras tradicionais cun enfoque ecolóxico que permitan unha gandería en equilibrio co meio, de alta calidade e polo tanto competitiva. Neste outro modelo, os xurros pasarán a estar integrados coas camas de volume, toxo e escobas tradicionais, xerando un excelente fertilizante. Evidentemente esta opción require unha modernización e tecnificación adecuada para ser competitiva: corta de toxos mecanizada, picado do toxo e mixturado coa bosta, etc. Esta opción e a decrición das transformacións técnicas que require están asentes do plano proposto, e deberían ser incluídas.

Outras vantaxes desta opción serían a recuperación natural de especies de fauna e flora de ambientes intervidos, en regresión na Unión Europea. Esta perda de biodiversidade supón un grave problema no que se están a gastar moitos cartos noutros países, aínda que polo de hoxe non na Galiza. Falamos, por exemplo, da recuperación de especies de caza menor, entre outras vantaxes adicionais. Tamén axudaría á eliminación dos incóndios e á prevención doutros impactos.

Este enfoque deberá complementar-se con outras opcións e medidas de prevención como as que se comentan a continuación.

- Fomento da agricultura extensiva

Deberá promover-se a agricultura extensiva ali onde se facia tradicionalmente. Neste marco, as cargas gandeiras sobre o territorio xerarán unha cantidade de xurros perfectamente reciclábeis nas leiras, ao estar en equilibrio coa capacidade de acollida dos terreos.

- Fomento da agrogandeira ecolóxica

Propomos o fomento da agricultura e gandeira ecolóxica integrada co meio, seguindo as liñas do indicado no nº 4 de Adega-Cadernos para o cal se deben contemplar axudas para a reconversión das explotacións.

As axudas á promoción da agricultura ecolóxica xustifícanse economicamente por tratar-se do inicio dunha liña estratéxica e competitiva para Galiza, xa que a inxare e a realidade deste tipo de agrogandeira está asociada á calidade, ao contrario do que ocorre coas producións de tipo intensivo.

Por outra banda isto está de acordo coas directrices que marca a lexislación europea en canto a prevención (redución) e valorización (neste senso o residuo de xurro, pasará a formar parte dos inputs agrogandeiros, aforando outros de procedencia externa (fertilizantes, emendas, etc); é dicir, os xurros reciclarán-se na mesma unidade produtiva sen causar impacto ambiental.

Tamén se diminúe a dependencia exterior (diminución de inputs: fertilizantes, pesticidas, etc). E por último, traerá melloras ambientais moi importantes.

- Medidas fiscais e subvencións

O programa de financiamento público ás actividades agrogandeiras debe-se revisar para ter en conta os aspectos ambientais. É dicir, non se pode pretender facer unha política de prevención da xeración de residuos nas actividades agrogandeiras sen revisar globalmente a política agrogandeira. Con esta finalidade debe-se afondar na análise ambiental dos diferentes modelos de produción agrogandeira, que propomos clasificar do seguinte modo:

Subxerencia de ADEGA ao Plano de Resíduos Agrarios de Galiza

Sistemas de agro-gandería ecolóxica (ou biolóxica), como modelo de referencia cara o que se debe evolucionar progresivamente.

Sistemas de agrogandería tradicional (estabulación en cama seca, integración dos tres sectores agrícola-gandeiro e forestal, explotacións familiares de reducido tamaño, agricultura e gandería extensivas, etc) mellorada en canto a meios técnicos (maquinária), que minimiza os impactos ambientais.

Sistemas intensivos e industrializados de produción: aumento da produción específica a base de parcos, persoas artificiais e con elementos correctores como os metais pesados, selección xenética baseada exclusivamente no factor de produción, foraxes transxénicos, alimentación hormonada, mantemento sanitario con base a altas aplicacións de antibióticos e outros fármacos, gandería sen terra, etc.

Este terceiro modelo de produción agrogandeira é un modelo ambientalmente non sustentable. Propomos erradicar de forma inmediata as subvencións a novas explotacións e accións encadradas neste terceiro modelo, e a curto prazo cancelar os programas de subvencións a explotacións deste tipo xa instaladas.

O segundo modelo ten un grande potencial na Galiza, como alternativa a curto e medio prazo de transformación da agrogandería actual nunha práctica máis respectuosa co ambiente e para a produción de alimentos de maior calidade. Ten tamén a virtude de manter emprego, e fixar poboación no rural en moita maior medida que o terceiro modelo. Por último, ten garantías de éxito, xa que os labregos son aínda coñecedores das prácticas tradicionais, ao tempo que tamén coñecen as vantaxes da maquinaria moderna, polo que poderán integrar de forma óptima os dous elementos clave (procesos tradicionais e mecanización), sempre que contem con promoción institucional debida. Este segundo modelo deberá ser financiado en función dos obxectivos de prevención ambiental e de mantemento do emprego.

Por último, o primeiro modelo, o da agricultura ecolóxica, que garante a sustentabilidade ambiental e o emprego, xuntamente coa inimitable calidade dos alimentos producidos, constitúe un sector estratéxico para un país como Galiza e unha garantía de futuro diante da crise ambiental, e como tal deberá ser promocionado a través de medidas fiscais e subvencións directas.

- Metais pesados nos xurros de porcino

A ausencia de medidas preventivas do problema de metais pesados pon-se de manifesto cando se di que a acumulación destes metais no solo non se considera preocupante a medio prazo. Con esta afirmación pretende-se pechar este tema, ficando claro que non se buscarán solucións así e o problema segue preocupante.

Ao contrastalo, consideramos que é necesario indicar alternativas e fixar obxectivos progresivos no tempo de redución do contido en metais como zinc ou cobre nos porcos, como única opción real para eliminar este problema nos xurros. Debería-se fixar un horizonte límite no que se erradicaran este tipo de xurros.

Concentración parcelaria

Nas obras de concentración parcelaria producen-se diversos impactos negativos como a destrucción de vexetación e lindeiros, ou os cambios nos usos do solo co resultado do emprego de solos para novos cultivos para os que non son adecuados. Todo isto diminúe a capacidade de acollida do tempo para sumos e outros fertilizantes, e aumenta a escomentía. Destacamos a rotación de terras de elevada pendente nas proximidades dos ríos para adica-las a cultivos erbáceos que van recibir grandes cantidades de sumos, cando antes eran terras forestal.

5. OPCIONS DE Reciclaxe e valorización

Uso directo do sumo nas fincas

Concoñemos en que esta é a mellor opción de vexión do sumo que se verá. Pero observamos que non aborda case medidas correctoras para reducir o impacto ambiental desta práctica. Por tanto, consideramos que só é aceptábel se se acordan obxectivos e se elaboran plans de redución das cantidades venidas por transformación do tipo de estabulos, segundo o indicado anteriormente.

Por outro lado, o emprego do sumo como fertilizante non é contrário ao seu tratamento previo mediante o aneamiento ou á recuperación de biogás, pois estes tratamentos melloran aínda a calidade do sumo como fertilizante.

- Biogás

Propoñese o deseño estandarizado de centrais de biogás para as explotacións, cando menos para todas aquelas de tipo mediano e grande que utilicen pozos de sumo, fronte á consideración dunha única en Lalin.

Estas plantas de biogás producen electricidade e calor para a propia explotación, e mesmo para vender na rede local, contribuíndo á diminución de emisións máis contaminantes.

- Compostaxe

O residuo orgánico sobrante da produción de biogás e outros aproveitamentos deberá ser tratado, fundamentalmente por compostaxe, e utilizado como emenda orgánica para os solos, ou para a recuperación/restauración de terreos degradados, como poden ser canchais, zonas queimadas, etc. Este último deberá ser o destino do compost obtido no tratamento dos curtos de zonas excedentarias, máis alonxado de porción.

6. OUTRAS MEDIDAS DE XESTIÓN

No caso da par. 21, non se inclúen medidas destinadas a incrementar a SAU por explotación, o que constituiría unha das formas máis eficaces de reducir a carga gandeira. Isto a pesar de que se reconece que parte das explotacións gandeiras extensivas carecen de base territorial propia (par. 22)

No par. 34 reconece-se que o curto provoca a aparición de malas herbas (se contén sementes que non se degradaron), pero non se atopan no documento propostas para solucionar este problema.

O problema da contaminación das augas de fondo por nitratos, do que se di que non reviste gravidade, non está suficientemente avaliado, polo que non se deberían descartar medidas preventivas neste sentido.

Indica-se como medida complementaria a determinación de distancias mínimas entre a área de aplicación e regatos ou canles de regadío (par. 60). Deberíanse incluír como necesaria a construción de filtros verdes nas fiadas que separen a zona de aplicación das riveiras de regatos, que servirían a limitar o lavado de contaminantes ás augas superficiais.

Afirma-se que os plásticos de envase e invernadero son actualmente reutilizados nas explotacións. Porén isto non é igual para calquera das alternativas, xa que o plástico do envase en botas non se reutiliza, ao contrario do que pasa co envase en mallas.

7. DIVULGACIÓN DA PROBLEMÁTICA AMBIENTAL E CONCIENCIACIÓN DA POBOACIÓN

Dibense facer campañas series de formación para os gandeiros. Estamos de acordo en que o problema non é só a cantidade de surco, senón o intre do ano en que se emprega na terra, as características da finca, distancia a cursos de auga, etc. Porén, tan importante como isto é incluír nessas campañas información sobre métodos de produción alternativos que realmente permitan reducir en orixen os impactos ambientais.

Na pax. 57 identifícase correctamente o grave problema ambiental resultante da combustión dos plásticos. É preciso realizar unha campaña de divulgación do problema dos residuos tóxicos no que se mencione especificamente este aspecto.

Asimismo, como un elemento a ter en conta nas campañas de divulgación ambiental debe-se incidir na necesidade de reutilizar a materia orgánica para o solo, a través da súa compostaxe. Propoñemos facer fociñepé en entidades a prácticas de queimar rastrolos e restos de poda, informando da alternativa de elaborar compost orgánico con estes residuos e reciclalos devolvendo-os ao solo. Isto é unha boa vía para concienciar sobre o problema dos incendios forestais, e facer entendible o balanceo de carbono no medio ambiente, e a importancia de reducir as emisións á atmosfera.

Na pax. 71 indícanse as entidades coas que se contará para desenvolver o plan de divulgación, pero non aparecen entre as mesmas as Asociacións Protectoras do Medio Ambiente, que pensamos que deberían incluírse.

8. ALGUNHAS PERGUNTAS EN RELACIÓN CO PLANO

Pode-se digor da relación de referencias citadas no plan? Calquera documento cun mínimo rigor debe adxuntar a autoría e ubicación das citas que realiza.

Como se di na pax. 4, o Código galego de boas prácticas agrarias é de cumprimento voluntario polos labregos. Perguntamos cals foron as medidas de promoción que adoptou a Xunta e o seu resultado.

Son correctos os datos da última lixeira da páx. 26, na que se indican que o número de explotacións con menos de 10 prazos de porcino son de 1 en A Coruña, 16 den Lugo, 1 en Ourense e 6 en Pontevedra?

En todo o documento non se explica adequadamente en que consistiría a planta de biogás.

Tampouco se sabe en que consiste a alternativa de recuperación enerxética sen produción de biogás que se menciona na páx. 45.

1 A materia orgánica nos solos galegos. Francisco Díaz-Fernós. Adega-Cadernos nº 6, EG ADEGA, Santiago de Compostela, 1998.

2 Ministerio do Medio Ambiente, 1999. Madrid.

3 Estudo da situación sanitaria dos bosques e da calidade das augas na comarca de A Estrada. Informe realizado para o concello de A Estrada, ADEGA, 1992.

4 Agroecoloxía na Galiza. VV.AA. EG ADEGA, Santiago de Compostela, 1998.